

ACTA DA REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE SARRIA CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo, subdirector xeral do Patrimonio

Vogais: Dna. Ana Rodríguez Martín, Interventora delegada da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Dna. María del Carmen Rodríguez Mujico, asesora xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Secretaria: Dna. Beatriz Bello Balado, xefa de sección do servizo de Administración e Xestión Patrimonial.

En Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2022, sendo as 10:30 horas, reúnense na sala de Xuntas do edificio administrativo de San Caetano, a mesa de contratación composta polos membros que á marxe se relacionan, para a avaliación previa da documentación presentada ao concurso.

Iníciase o acto polo Sr. presidente dando lectura á certificación expedida pola xefa de sección no Servizo do Rexistro Xeral e Información á Cidadanía na que consta dentro do prazo outorgado a presentación dunha oferta:

<u>Nº rexistro</u>	<u>Data asento</u>	<u>Nº sobres</u>	<u>Nome dos licitadores</u>
RX3047744	12/12/2022	<u>2</u>	<u>Enrique Losada González, Clara Marina Pereiro Rigueiro, Lucía Losada Pereiro e Mirian Losada Pereiro</u>

A continuación o Presidente ordena a apertura do sobre A correspondente á documentación administrativa da oferta presentada.

Examinada a documentación presentada, obsérvase que non presenta deficiencias, polo que a mesa acorda, por unanimidade, admitir á licitación a proposta presentada polos licitadores arriba indicados e modificar o día e hora da celebración da Mesa B (apertura da proposta económica) para o próximo 22 de decembro de 2022 ás 10h.



Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto, levantándose a presente acta no lugar e data indicados.

O presidente

Pablo Viaño Lorenzo

A secretaria

Beatriz Bello Balado

